

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 profesores/profesoras**; e, conforme á Circular número 1/98, do 2 de febreiro, no seu apartado 6º, e co artigo 55.2 do Decreto 92/1988 corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 profesores/as mais**, o que fan **5 profesores/as** dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014 (nun dos casos por substitución dun profesor elixido na elección anterior).
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data de hoxe no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 10 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **4** da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **11 DE NOVIEMBRE ÁS 11:15 HORAS**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 2 de novembro de 2016

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Pedrouzo Devesa

